DOCUMENTO DE ALCANCE DO ESTUDIO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO CONCELLO DE CAMBRE NO ÁMBITO DA ACTUAL UE-19 CASAS BAILLY

Promotor: Concello de Cambre
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2022AAE2674

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1 O concello de Cambre dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento (NSP) aprobadas definitivamente o 27.07.1994. O 03.09.2019 iniciouse a tramitación dun novo Plan xeral de ordenación municipal.

2 O 29.03.2022 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Cambre no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual das Normas subsidiarias do concello de Cambre no ámbito da actual UE-19 "Casas Bailly"* (en diante Modificación). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.

3 O 30.03.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

4 No informe ambiental estratéxico emitido por este órgano ambiental sobre o devandita Modificación concluíuse que debe someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica porque pode ter efectos significativos sobre o medio ambiente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 O artigo 46.1.d) da LSG sinala que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans cando así o decida o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico.

3 O órgano ambiental formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.4 da LSG), tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas no procedemento simplificado de avaliación ambiental (artigo 31.2, letra a, da Lei 21/2013 do 9 de decembro).

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e características ambientais

Ámbito de actuación: finca na que se emprazan as Casas Bailly, situada ao pé da estrada AC-12 e do núcleo do Graxal, na parroquia do Temple.

O ámbito abrangue 19.517 m^2 de solo, dos cales 15.036 m^2 están clasificados como solo urbano non consolidado (UE-19) polas NSP de Cambre e 4.481 m^2 carecen na actualidade de clasificación (son terreos que pertencían ao concello de Oleiros pero foron incorporados ao concello de Cambre no ano 2001).

Principais características ambientais da área probablemente afectada:

O ámbito sitúase no borde norte do núcleo urbano do Graxal, na contorna da ría do Burgo.

Linda ao norte con solo rústico de protección paisaxística no PXOM de Oleiros, ao leste cun sector de solo urbanizable terciario[1] (SURBZ), ao sur cunha vía de servizo da estrada AC-12 en solo urbano, e ao oeste co nó de conexión da AC-12 coa rúa Codesal, no concello de Oleiros.

O ámbito emprázase nunha ladeira que descende cara a ría. Na contorna próxima altérnanse os usos residenciais cos terciarios, sendo a estrada AC-12 (antiga nacional N-VI) soporte de numerosas urbanizacións e complexos comerciais.

As vivendas modernistas do Graxal, ou Casas Bailly, son as únicas edificacións existentes dentro do ámbito. Sitúanse no centro, sobre unha plataforma a modo de miradoiro, son un ben protexido (ficha 36 do Catálogo das NSP) e actualmente están abandonadas e en estado ruinoso.

Ao longo do tempo a finca orixinal foi reducindo a súa extensión por mor das distintas intervencións realizadas na súa contorna (ampliacións da estrada AC-12, pasarela metálica sobre a estrada, crecemento do Graxal, etc.), atopándose na actualidade moi alterada. Está vexetada por rexeneración natural e, debido aos movementos de terra realizados, hai unha importante poboación da especie exótica invasora *Cortaderia selloana* (herba da Pampa) na marxe da estrada AC-12.

Nin no ámbito nin nas súas proximidades atópanse espazos naturais protexidos ou hábitats de interese cartografados que se poidan ver afectados. No Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) a finca queda inserida na área continua de ordenación.

Como elementos paisaxísticos de referencia, cómpre mencionar o Camiño Inglés a Santiago, cuxa traza discorre pola beira oposta da ría do Burgo a uns 450 metros de distancia do ámbito, e a Senda dos Faros, que percorre ambas marxes da ría.

1 Sector cuxa delimitación e ordenación detallada foron aprobadas coa "Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Cambre no ámbito da estrada N-VI" (DOG núm. 109 do 10.06.2021)

CVE: cvZ5cNgITiN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En canto á mobilidade, ao ámbito accédese dende un viario de servizo da estrada AC-12 que conecta coa zona norte do Graxal e co concello de Oleiros. Á altura das Casas Bailly hai unha parada de bus metropolitano e unha pasarela peonil que cruza a AC-12.

A AC-12 é unha estrada estatal multicarril cunha intensidade de tráfico moi elevada (Índice de intensidade media diaria[2] superior aos 50.000 vehículos/día no ano 2019). Segundo os últimos mapas estratéxicos de ruído publicados[3], no ámbito de actuación acádanse niveis de ruído ambiental elevados, superiores a 65 decibelios na zona de afección da estrada (50 m) durante o día.

Pola beira oposta da estrada AC-12 discorren as redes municipais de abastecemento de auga e saneamento.

2. Obxecto do planeamento, alternativas e proposta inicial

Obxecto: segundo o indicado no borrador, dinamizar unha área estratéxica para o municipio mediante usos terciarios e dotacionais dando continuidade aos existentes e previstos na zona, así como recuperar as Casas Bailly.

Alternativas: no documento ambiental estratéxico barállanse tres alternativas:

- Alternativa 0, ou de non actuación, que implicaría manter a situación actual de abandono da finca Bailly;
- Dúas alternativas de ordenación, coa mesma previsión de usos pero distinta organización dos volumes edificados:

  - a alternativa 1 prevé implantar as edificacións terciarias (B+2) aterrazadas en dous niveis. As Casas Bailly quedan apoiadas sobre o primeiro nivel, conformado pola cuberta plana e transitable dos volumes situados á cota da estrada AC-12;

  - a alternativa 2 ordena dous bloques (B+3) dispostos en quinteiros pechados a ambas beiras das vivendas catalogadas, ocupando menor superficie en planta pero con maior altura que na alternativa 1.

O promotor escolleu inicialmente a alternativa 1, ao considerar que a alternativa 2 tería maior impacto visual sobre a paisaxe.

Proposta: delimitar un sector do solo urbanizable de uso global terciario cunha edificabilidade[4] de 0,75 m^2/m^2 e coa seguinte ordenación detallada:

- Unha zona de uso terciario (ordenanza Z1) situada á cota da estrada AC-12, onde a edificación (B+2) se ordena en forma de peite, creando baleiros cara a estrada. A súa cuberta é plana e transitable.
- Solo dotacional público na zona ocupada polas Casas Bailly, as cales se pretenden rehabilitar e quedarán apoiadas sobre a cuberta plana e transitable da edificación terciaria con ordenanza Z1.

2 https://mapas.fomento.gob.es/mapatrafico/2019/

3 Sistema de Información sobre Contaminación Acústica (https://sicaweb.cedex.es/consulta-de-mapas-de-rudio/2a-fase/)

4 Segundo o borrador (apartado 20), o aproveitamento axústase ao convenio asinado polo Concello coa propiedade en xuño de 2020 e parte del (0,13 m^2/m^2) será monetarizado para aplicalo exclusivamente á rehabilitación das Casas Bailly.

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Unha zona de uso terciario e hoteleiro (ordenanza Z2) situada no fondo traseiro das Casas Bailly, con edificacións de tres plantas dipostas en bloque lineal.
- Dúas áreas de espazos libres e zonas verdes públicas, unha delas no bordo leste do ámbito, en continuidade coa zona verde do sector lindeiro SURBZ.
- Un viario rodado público paralelo á estrada AC-12, no que se integran as 56 prazas públicas de aparcamento. Prevese a plantación de 44 árbores no espazo público.

Na memoria xustificativa indícase que se prevé localizar unha plataforma de accesibilidades que resolva a conexión entre ambas beiras da AC-12, os desniveis existentes e o uso peonil da ponte existente.

Proponse conectar as redes de abastecemento e saneamento do ámbito cos sistemas xerais exteriores a través do sector urbanizable lindeiro SURBZ (no que se proxectan novas conducións de abastecemento e fecais en galería para cruzar a AC-12).

3. Período de consultas previas

Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, este órgano ambiental realizou as seguintes consultas:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador da modificación máis o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibiuse un escrito do Concello de Oleiros.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación da Modificación todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, no informe ambiental estratéxico están resumidas as principais cuestións ambientais formuladas.

4. Consideracións para favorecer a integración ambiental do planeamento

O principal obxectivo da avaliación ambiental estratéxico é conseguir unha boa integración dos aspectos ambientais no contido do planeamento. Para elo, tendo en conta a documentación achegada (borrador do plan e documento ambiental estratéxico) así como as observacións e suxestións recibidas na fase de consultas previas, fanse as seguintes consideracións organizadas por variables ambientais.

<u>Paisaxe</u>

A ordenación proposta no borrador pode ocasionar efectos paisaxísticos adversos significativos sobre as vivendas Bailly, posto que o volume edificado que se proxecta é moi significativo, envolve ao ben catalogado e pode xerar unha imaxe conxunta

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

desordenada e inharmónica que desvirtúe os valores estéticos e a singularidade da edificación. No estudo ambiental estratéxico deberanse analizar novas alternativas de ordenación con menor impacto que as propostas.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, a Modificación deberá conter un estudo da paisaxe, proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado. Así mesmo, na medida en que se establece a ordenación detallada dun sector de solo urbanizable, a Modificación debe conter un estudo da paisaxe urbana, consonte co disposto no artigo 36 do RLPPG. Ambos estudos deben axustarse ademais ao disposto na directriz de paisaxe DX.10.c, e analizar as cuestións volumétricas da totalidade das edificacións, o contacto coa contorna rústica e as formas, materiais e tipoloxías das edificacións, así como estudar outras alternativas que eviten unha imaxe envolvente do ben catalogado.

Para o estudo de visibilidades recoméndase crear infografías das edificacións coa tipoloxía, cores e materiais finais dende os puntos de observación más frecuentados (Ex: estrada AC-12, rúa Curros Enríquez, pasarela frontal e senda dos Faros ao seu paso polas proximidades do ámbito).

A Modificación deberá tamén incluír unha xustificación do cumprimento cos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, tal e como se recolle no artigo 38.1, epígrafes a) e b), do do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Sobre a base do estudo da paisaxe, na redacción da Modificación deberase ter en conta o previsto nas Directrices da paisaxe de Galicia, en particular os seguintes aspectos:

- As medidas preventivas e correctoras deberán quedar convenientemente recollidas no deseño do proxecto e, de ser o caso, nas ordenanzas de aplicación Z1 e Z2. E deberase xustificar o seu axuste ao disposto nas Directrices de paisaxe DX.10 e DX.06 (en especial nas epígrafes citadas neste informe), e LT.08 en referencia á Senda dos Faros.
- Para as ordenanzas reguladoras recoméndase ter en conta os criterios da *Guía de cores e materiais de Galicia* e a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*.

<u>Patrimonio cultural</u>

A proposta de ordenación e a normativa da Modificación deberán garantir a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural existentes no ámbito de actuación, a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións e contornos de protección, así como a súa función no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, conforme co disposto no artigo 35.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de protección do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).

Dada a antigüidade das NSP de Cambre, deberase incluír na Modificación unha ficha do ben protexido actualizada conforme ás esixencias da lexislación vixente (LPCG e artigos 195 a 198 do RLSG) e tendo en conta os aspectos particulares que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe. Indicarase que a nova ficha substitúe á das NSP.

CVE: cvZ5cNgITiN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Respecto á ordenación proposta, e atendendo ao manifestado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no período de consultas previas, cómpre facer as seguintes consideracións:

- Sobre os volumes localizados cara o linde nordeste do ámbito (identificados nos planos coa ordenanza Z2):
  - Un volume tan longo como o proposto, xera un fondo escénico ao elemento principal que son as Bailly. Para minimizalo, romperase o volume en varias pezas, permitindo certa permeabilidade.
  - Estes volumes separaranse o máximo posible das Casas Bailly, pegándose cara o linde nordeste, e integrando unha zona arborada na súa fronte, preferiblemente con árbores de gran porte, de xeito que exista a máxima separación posible entre as Bailly e os novos volumes posteriores, ademais de xerar un bulevar arborado que cree un fondo paisaxístico máis acorde co carácter do ben protexido.
  - En ningún caso terán unha altura total (cumieira) superior á do quebro da cuberta das Casas Bailly.
- Ningún volume dos que se plantean a cota da estrada AC-12 superará a altura da plataforma (cota +38) que conforma a praza derredor das Casas Bailly, agás os que albergan os núcleos de comunicación vertical que, en todo caso, afastaranse o máximo posible das ditas Casas.

  A formalización do volume baixo a plataforma (cota +38) que sostén as Casas Bailly deberá conformar un basamento, cun aspecto continuo cara a estrada AC-12, xa sexa mediante a súa formalización volumétrica ou de acabado das fachadas cara a AC-12 (podendo ter as fachadas perpendiculares outro acabado distinto). Actuará como zócalo das Bailly e, en ningún caso, debe "competir" co ben protexido. Asemade, na busca dese aspecto de continuidade, recoméndase unha zona arborada máis densa na zona de aparcamento cara a estrada AC-12.
- Comprobarase a existencia do muro de peche perimetral de pedra da parcela orixinal, que delimita o ben protexido. De existir, aínda que sexan fragmentos, conservarase. En todo caso, permitirase a apertura de ocos xustificadamente.

A delimitación dos bens do patrimonio cultural deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado (muros, peches, etc...), polo que, con carácter xeral, deberase recoller e protexer tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios.

Deberase definir o contorno de protección dos bens delimitados, que abranguerá os espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo1. Esta delimitación deberá establecerse en base ao estudo do contorno do ben, seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo como límites de parcelas (de aí a necesidade de grafar o parcelario), camiños, muros ou cómaros.

CVE: cvZ5cNgITiN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Normativa deberá recoller os niveis de protección definidos no artigo 41 da LPCG que serán asignados a cada un dos bens catalogados, así como as actuacións autorizables segundo eses niveis de protección.

Mobilidade

Dado que a Modificación incorpora a ordenación detallada do novo sector urbanizable[5], a memoria incorporará nun anexo o estudo de avaliación da mobilidade xerada pola nova actuación co contido establecido no artigo 172.2 do RLSG.

O obxectivo dos estudos de avaliación da mobilidade é definir as medidas e actuacións necesarias para asegurar que a nova mobilidade xerada no ámbito de estudo siga unhas pautas caracterizadas pola preponderancia dos medios de transporte máis sustentables.

Este estudo avaliará, no ámbito de influencia do planeamento, o incremento potencial dos desprazamentos provocado pola actuación proposta e a capacidade de absorción deste polos servizos viarios e polos sistemas de transporte, abarcando incluso os de baixo ou nulo impacto. Tamén avaliará a viabilidade das medidas propostas no propio estudo para xestionar de xeito sustentable a nova mobilidade e, especialmente, as fórmulas de participación do promotor para colaborar na solución dos problemas que esta xere.

Ciclo hídrico

O planeamento conterá medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do sector cos sistemas xerais exteriores existentes de abastecemento e saneamento e, se é necesario, a súa ampliación ou reforzo[6], en función das necesidades xeradas pola actuación e de forma que se asegure o seu correcto funcionamento. Para estes efectos, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.

Lémbrase que non se poderá executar o novo desenvolvemento urbanístico se non está previamente garantido o abastecemento de auga, o saneamento das augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica[7].

Patrimonio natural

A posición das reservas mínimas de solo para zonas verdes públicas será a que preste mellor servizo ás persoas usuarias, garantindo a súa accesibilidade de acordo coa normativa sectorial na materia; nunca se destinarán a zona verde porcións residuais da parcelación[8].

Tendo en conta as consideracións recollidas na variable *patrimonio cultural* sobre as zonas arboradas e que se eliminará a cuberta vexetal existente no ámbito de actuación (así o indica o documento ambiental estratéxico), o número de árbores que se propón plantar (44) semella ser insuficiente.

5 Artigos 126.2 e 172 do RLSG
6 Artigo 162, letra g), do RLSG
7 Determinación 4.8.9 das Directrices de ordenación do territorio.
8 Artigo 70.2 do RLSG

CVE: cvZ5cNgITiN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No documento ambiental estratéxico ponse de manifesto a problemática asociada á presenza no ámbito de especies vexetais exóticas invasoras, sinalando a este respecto como positivo a eliminación prevista da vexetación existente na área de actuación. Non obstante, é conveniente incorporar procedementos de erradicación que eviten a dispersión de propágulos das especies invasoras presentes, e en especial de *Cortaderia selloana*. Con esta finalidade deberíanse seguir os criterios de control/erradicación recollidos na estratexia de xestión para esta especie publicadas polo MITECO[9], con especial atención ás medidas que eviten a dispersión de sementes. As medidas que se propoñan no estudo ambiental estratéxico deberán trasladarse á normativa da Modificación.

Riscos

Segundo os últimos mapas de ruído oficiais publicados[10] para a estrada AC-12, o ámbito está afectado pola contaminación acústica que xera o tráfico da estrada AC-12, de xeito que os niveis de ruído ambiental acadados na zona máis próxima a este viario superan os obxectivos de calidade acústica establecidos pola lexislación vixente[11] para novos desenvolvementos urbanísticos[12] en áreas nas que o uso predominante do solo é o dotacional (sanitario, docente ou cultural) ou o terciario, que son 55 e 65 decibelios durante o día respectivamente.

No caso de superarse os obxectivos de calidade acústica recomendados pola normativa básica estatal en materia de ruído e a normativa autonómica, estableceranse limitacións á edificabilidade e/ou os medios de protección acústica necesarios (artigo 20 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído; artigo 5 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia). En todo caso, atenderase ás indicacións que ao respecto estableza o organismo titular da estrada AC-12 no informe sectorial preceptivo.

Atmosfera e cambio climático

A Lei 21/2013 de avaliación ambiental esixe considerar o cambio climático na avaliación ambiental do plan. Sendo así, analizarse a pegada de carbono asociada á Modificación puntual e estableceranse as medidas adecuadas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático, considerando a información dispoñible.

5. Contido, amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico

Tendo en conta as consideracións feitas no apartado anterior, o promotor elaborará un estudo ambiental estratéxico co contido que esixe a lexislación vixente.

9 https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/publicaciones/estretegia_cortaderia_tcm30-478427.pdf

10 Sistema de Información sobre Contaminación Acústica (https://sicaweb.cedex.es)

11 Táboa A do anexo II do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (modificado polo Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo). Para os novos desenvolvementos urbanísticos os obxectivos de calidade acústica redúcense en 5 dB, de acordo co sinalado no artigo 14.2.

12 Superficie do territorio en situación de solo rural para a que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevén ou permiten o seu paso á situación de solo urbanizado, mediante as correspondentes actuacións de urbanización, así como a de solo xa urbanizado que estea sometido a actuacións de reforma ou renovación da urbanización (definición recollida no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro).

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O estudo ambiental estratéxico formará parte integrante do plan e será o documento que identifique, describa e analice os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivar da aplicación do plan, así como unhas alternativas razoables técnica e ambientalmente viables para previr ou corrixir os efectos adversos.

O estudo ambiental estratéxico deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo seu/s autor/es, especificando a súa titulación (artigo 16 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental). Asemade, axustarase ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, xa que estas normas conteñen as especificacións respecto do formato dos documentos requiridos polo órgano ambiental para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica[13].

Atendendo ao contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, sen prexuízo de que o promotor incorpore outras cuestións que considere relevantes, o estudo ambiental estratéxico deberá conter:

- Un esbozo do contido, obxectivos principais do plan e relacións con outros plans e programas pertinentes (polo menos coas Directrices de ordenación do territorio, o POL e as Directrices de paisaxe de Galicia);
- Os aspectos relevantes da situación actual do ambiente e a súa probable evolución no caso de non se aplicar o plan;
- As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do plan;
- Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para o plan;
- Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto ambiental se tiveron en conta durante a súa elaboración;
- Os probables efectos significativos no medio ambiente:
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no ambiente da aplicación do plan, incluíndo aquelas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a el;
- Un resumo dos motivos da selección das alternativas consideradas e unha descrición da maneira en que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que se poidan ter encontrado para reunir a información requirida;
- Un programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento;
- Un resumo de carácter non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes;
- Cartografía (non será necesario incluír no estudo ambiental estratéxico planos temáticos que deban formar parte do propio proxecto de planeamento segundo o establecido na lexislación urbanística).

13 Artigo 1.2.d) da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento de Galicia.

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. Versión inicial de planeamento, información pública e consultas

O promotor elaborará a versión inicial da Modificación (documento para aprobación inicial) tendo en conta o estudo ambiental estratéxico e as consideracións ambientais recollidas neste documento de alcance.

Segundo o disposto no artigo 60.6 da LSG, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade coa lexislación vixente, o órgano municipal competente procederá á aprobación inicial da Modificación e a someterá a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia,* nun dos xornais de maior difusión na provincia e no portal de Internet que corresponda[14].

A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o plan aprobado inicialmente, un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico. Toda a información que se poña á disposición das persoas interesadas ou do público en xeral será accesible en formato electrónico[15].

Simultaneamente ao trámite de información pública, o Concello ou o órgano competente en materia de urbanismo, segundo corresponda, someterá o plan ás consultas das Administracións públicas afectadas e das persoas interesadas. Nesta fase, sen prexuízo doutros organismos que resulte preceptivo consultar en atención á lexislación sectorial aplicable, consultarase a:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
  - Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade
  - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
  - Dirección Xeral de Mobilidade

7. Proposta final de planeamento e declaración ambiental estratéxica

Tomando en consideración os resultados do trámite de información pública e consultas, o Concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta final de planeamento (documento para aprobación provisional).

Feito isto, o Concello remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo para que formule a declaración ambiental estratéxica (artigo 60.9 da LSG), o cal deberá conter (144.9 do RLSG):

- Proposta final de planeamento (documento para aprobación provisional)
- Estudo ambiental estratéxico
- Informe de participación pública e consultas no que se describa o procedemento seguido, a relación de Administracións publicas consultadas e persoas

14 Artigo 32.2 da Lei 9/2021 de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; artigo 21.2 da Lei 21/201 de avaliación ambiental.

15 Artigo 29.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro; artigo 9.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

CVE: cvZ5cNgITIN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

interesadas, as datas de solicitude e resposta, así como dos medios empregados para a súa difusión. Conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, xustificando como foron tomados en consideración e se integraron na Modificación. Xuntarase tamén copia dos informes recibidos e das alegacións con temática ambiental

– Documento resumo no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 14/06/2022 09:49:53

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 14/06/2022 08:35:05

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/06/2022 09:34:44

CVE: cvZ5cNgTtN9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve